En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13840** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación da violencia asociada ao deporte en Galicia"**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte,** que ten o seguinte contido:

"Desde a Xunta de Galicia non podemos estar máis de acordo na condena a calquera tipo de acto violento, unha loita na que a Xunta leva anos traballando. A violencia non é un problema exclusivo do deporte, e moito menos do deporte galego. É responsabilidade de todos poñer as ferramentas e recursos que están da nosa man para erradicar e previr esta lacra.

Desde a Xunta de Galicia cremos que a nosa terra non é flexible coa violencia. De feito, segundo os datos sobre violencia nos espectáculos deportivos recollidos na memoria da Comisión estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte dependente do Consello Superior de Deportes, Galicia está por debaixo (1,54%) da media española (2,40%) de incidentes rexistrados.

Con todo, e por desgraza, persisten comportamentos illados, actitudes que temos que previr e erradicar. O obxectivo é evitar calquera manifestación de violencia na nosa Comunidade. Por iso debemos ser intransixentes e inflexibles, e debemos aplicar todo o peso da nosa lexislación nos casos de violencia, racismo ou discriminación de calquera tipo.

En Galicia contamos co traballo diario, de incontables accións, ás veces pouco recoñecidas, que levan a cabo todos os axentes implicados no deporte para erradicar e previr a violencia. A Lei do deporte pon á nosa disposición medios para loitar contra a violencia e iso é o que estamos facendo.

No caso da violencia no deporte, a lexislación existente conta con tres vías para combatela: a potestade disciplinaria deportiva, a potestade sancionadora en materia administrativo deportiva e a vía xurisdicional penal. En todas elas, o Comité Galego de Xustiza Deportiva, como órgano administrativo superior da xurisdición deportiva en Galicia, ten un papel protagonista. Cómpre lembrar que o Comité, a pesar de estar adscrito á Secretaría Xeral para o Deporte, actúa con

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

total independencia funcional deste.

A primeira delas é a potestade disciplinaria deportiva. Segundo a Lei do deporte, correspóndelle ás federacións deportivas iniciar os expedientes sancionadores das condutas violentas. A Lei do Deporte destaca como infracción moi grave 'os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público'. Son os árbitros, os clubs e as federacións os encargados de sancionar todas aquelas accións que se desvíen da práctica do deporte. Neste punto o Comité Galego de Xustiza Deportiva atende os casos de violencia no deporte nas competicións de ámbito autonómico, provincial e local. Na tempada 2015-2016 chegaron ao Comité Galego de Xustiza Deportiva un total de 6 recursos, confirmándose na gran maioría a sanción aos infractores.

Ademais da potestade disciplinaria deportiva, existe a potestade sancionadora en materia administrativo deportiva, exercida pola Administración autonómica a través do Comité Galego de Xustiza Deportiva sobre calquera persoa física ou xurídica pola comisión das infraccións administrativas tipificadas nesta lei. É dicir, sobre calquera persoa sen necesidade de que pertenza a unha entidade deportiva. E, ademais, de xeito directo pola propia Administración.

Por último, a vía xurisdicional penal, en caso de que os feitos poidan ser constitutivos de delito ou de infracción penal, é a terceira vía coa que contamos para combater a violencia no deporte en Galicia.

Desde a Xunta de Galicia estamos a facer todo o que está nas nosas mans para impedir e erradicar calquera manifestación violenta nos nosos espectáculos, xogos e partidos. Ademais, todas as institucións presentes no tecido deportivo, así como outras encargadas da orde pública e da administración da xustiza, combaten axeitadamente a violencia no deporte galego.

Cómpre destacar tamén o traballo de sensibilización e visibilización, sobre todo entre os máis pequenos, levado a cabo pola Xunta de Galicia nesta materia a través de programas como campañas para o derbi galego, o convenio asinado coa Escola 'Vero Boquete' para a realización de actividades dirixidas ao fomento da igualdade no ámbito deportivo, ou coa actuación Educación, Deporte e Valores, dentro do programa Xogade da Secretaría Xeral para o Deporte que consiste nun préstamo aos centros educativos dun xogo de despregables, cada un destinado a destacar o valor educativo dun deporte, como o respecto, o xogo limpo, a igualdade ou a non violencia.



CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46583
Data envío: 20/02/2019 15:45:54.078

Cómpre salientar, ademais de todo este traballo realizado que o pasado mes de maio de 2018, o Consello da Xunta aprobaba o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia. A Comisión dará resposta ás denuncias e incidentes naquelas competicións deportivas oficiais no ámbito autonómico, provincial, zonal ou local. As condutas antideportivas deben ser penadas, xa sexan efectuadas por parte de xogadores, dirixentes, adestradores ou pais e nais.

A creación da Comisión Galega de Control da Violencia vén recollida na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, pero no momento actual a Xunta ten acoutadas as competencias da prevención e represión da violencia no deporte que recaen na Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte do Consello Superior de Deportes, debido á modificación introducida pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A Xunta de Galicia colabora e traballa de xeito conxunto co CSD para mellorar o estado do deporte a nivel autonómico e estatal e ademais, representantes da Xunta participan en encontros de traballo regulares na Delegación do Goberno para garantir a seguridade nos espectáculos deportivos que teñen lugar na nosa Comunidade. A regulación contida no decreto busca dar cobertura e resposta as denuncias e adoptar decisións derivadas de incidentes con ocasión da practica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, toda vez que a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte actúa nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal. Coa regulación da Comisión, e dentro do respecto ás competencias estatais en materia de orde público e de seguridade, contarase cunha ferramenta moi útil na erradicación das condutas antideportivas. Tras esta aprobación por parte do Consello da Xunta, a Comisión foi constituída, polo que Galicia xa conta cun órgano para actuar directamente e non só en vía de revisión de decisións federativas en temas de violencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46583
Data envio: 20/02/2019 15:45:54.078

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:45:49**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **32360**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, "**as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural dende o ano 2015 para que na etiquetaxe dos produtos lácteos figure a súa orixe, así como as súas previsións en relación coas reticencias da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao respecto**", (publicada no BOPG número 324 do 21 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

*"*O proxecto de Real decreto relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos foi tramitado polo Goberno español. Na súa tramitación solicitou os informes que son preceptivos neste tipo de normas e un deles é o da Comisión Nacional dos mercados e da Competencia (CNMC).

A CNMC aprobou o seu informe con data 3.05.2018. Neste faise unha valoración do proxecto de norma na que se recollen diversas observacións, tanto xerais como particulares, e remata cunhas conclusións e unhas recomendacións.

A Consellería do Medio Rural sempre manifestou o seu interese polo establecemento dunha regulación que obrigase a identificar a orixe xeográfica do leite e os produtos lácteos co obxecto de que esta medida serva para que o leite producido en España, e concretamente en Galicia, incremente o seu valor no mercado.

O proxecto foi finalmente aprobado como Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos, publicado no BOE o día 22.09.2018*".*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46579
Data envio: 20/02/2019 15:45:18.515

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:45:15**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46574
Data envio: 20/02/2019 15:44:28.014
Data 20/02/2019 15:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **32568**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez, don Antón Sánchez García e dona Paula Quinteiro Araujo sobre, "**a avaliación da Xunta de Galicia en relación co informe emitido pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia respecto da proposta de regulación da etiquetaxe do leite**", (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

*"*O proxecto de Real decreto relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos foi tramitado polo Goberno español. Na súa tramitación solicitou os informes que son preceptivos neste tipo de normas e un deles é o da Comisión Nacional dos mercados e da Competencia (CNMC).

A CNMC aprobou o seu informe con data 3.05.2018. Neste faise unha valoración do proxecto de norma na que se recollen diversas observacións, tanto xerais como particulares, e remata cunhas conclusións e unhas recomendacións.

A Consellería do Medio Rural sempre manifestou o seu interese polo establecemento dunha regulación que obrigase a identificar a orixe xeográfica do leite e os produtos lácteos co obxecto de que esta medida serva para que o leite producido en España, e concretamente en Galicia, incremente o seu valor no mercado.

O proxecto foi finalmente aprobado como Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos, publicado no BOE o día 22.09.2018".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46574
Data envio: 20/02/2019 15:44:28.014

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:44:24**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46578
Data envio: 20/02/2019 15:45:10.124
Data 20/02/2019 15:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **32361**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, "**as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural dende o ano 2015 para que na etiquetaxe dos produtos lácteos figure a súa orixe, así como as súas previsións en relación coas reticencias da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao respecto**", (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xuño de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto de Real decreto relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos foi tramitado polo Goberno español. Na súa tramitación solicitou os informes que son preceptivos neste tipo de normas e un deles é o da Comisión Nacional dos mercados e da Competencia (CNMC).

A CNMC aprobou o seu informe con data 3.05.2018. Neste faise unha valoración do proxecto de norma na que se recollen diversas observacións, tanto xerais como particulares, e remata cunhas conclusións e unhas recomendacións.

A Consellería do Medio Rural sempre manifestou o seu interese polo establecemento dunha regulación que obrigase a identificar a orixe xeográfica do leite e os produtos lácteos co obxecto de que esta medida serva para que o leite producido en España, e concretamente en Galicia, incremente o seu valor no mercado.

O proxecto foi finalmente aprobado como Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos, publicado no BOE o día 22.09.2018".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46578
Data envio: 20/02/2019 15:45:10.124

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:44:57

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46576
Data envío: 20/02/2019 15:44:45.561
Data 20/02/2019 15:44

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32566** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Davide Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a avaliación da Xunta de Galicia en relación co infor me emitido pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia respecto da proposta de regulación da etiquetaxe do leite"**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

**"**O proxecto de Real decreto relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos foi tramitado polo Goberno español. Na súa tramitación solicitou os informes que son preceptivos neste tipo de normas e un deles é o da Comisión Nacional dos mercados e da Competencia (CNMC). A CNMC aprobou o seu informe con data 3.05.2018. Neste faise unha valoración do proxecto de norma na que se recollen diversas observacións, tanto xerais como particulares, e remata cunhas conclusións e unhas recomendacións. A Consellería do Medio Rural sempre manifestou o seu interese polo establecemento dunha regulación que obrigase a identificar a orixe xeográfica do leite e os produtos lácteos co obxecto de que esta medida serva para que o leite producido en España, e concretamente en Galicia, incremente o seu valor no mercado. O proxecto foi finalmente aprobado como Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos, publicado no BOE o día 22.09.2018**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021



CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46576
Data envio: 20/02/2019 15:44:45.561

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:44:42**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46506
Data envío: 19/02/2019 15:07:05.844

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **22021**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, "**as medidas que a Xunta de Galicia tomou ou vai tomar para non patrocinar eventos nos que se discrimine ás mulleres**", (publicada no BOPG número 236 do 10 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"En novembro de 2017 anunciouse desde a Secretaría Xeral para o Deporte a modificación da orde de axudas a entidades deportivas de cara a 2018 para evitar que ocorran sucesos ou incidentes violentos naquelas competicións de orde autonómica que teñan lugar en Galicia. Esta orde de axudas foi publicada o pasado 11 de abril de 2018 no Diario Oficial de Galicia e conta cun orzamento total de 2.020.000 euros dos que 1.900.000 euros destinaranse a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas (sendo a axuda máxima posible por beneficiario de 29.999 euros), e os restantes 120.000 euros serán para as agrupacións deportivas escolares (sendo a axuda máxima posible por beneficiario de 15.000 euros).

Deste xeito, non poderán obter a condición de beneficiarios destas subvencións os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, agrupacións deportivas escolares e seccións deportivas que foran sancionados pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes. Do mesmo xeito, tampouco poderán optar a estas axudas quen discrimine nos premios ou recoñecementos que outorguen as persoas deportistas por razón de xénero.

Esta acción completa o acordo parlamentario acadado con motivo do Debate de Estado de Autonomía polo que a Xunta de Galicia deixará de patrocinar os eventos deportivos nos que os premios polos mesmos postos e categorías teñan diferenza de contía entre a competición masculina e feminina.

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

Neste sentido, a Secretaría Xeral para o Deporte xa inclúe nos convenios de patrocinio de eventos deportivos unha cláusula pola que os organizadores dos eventos deben cumprir o disposto no decreto lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e tratar o deporte feminino en completa igualdade co deporte masculino, non só na convocatoria, participación e repercusión destes eventos senón tamén nos premios que se outorguen a cada unha das categorías".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46506
Data envío: 19/02/2019 15:07:05.844

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2019 15:07:02

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46581
Data envío: 20/02/2019 15:45:34.655
Data 20/02/2019 15:45

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23438** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o coñecemento polo Goberno galego da problemática existente en relación co aumento do consumo de substancias potencialmente perigosas para a saúde no eido do deporte afeccionado"**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte,** que ten o seguinte contido:

**"**Desde a Secretaría Xeral para o Deporte, cremos no deporte global, igualitario, para todos e para todas, que non entenda de xénero, de idade, de condicións e sobre todo que non entenda de trampas nin de dopaxe.

O deporte é moito máis que unha actividade física. O deporte é un instrumento social, un lugar de encontro, un mecanismo de evasión, unha fonte de saúde, unha terapia psicolóxica e, para moitos, un medio de vida. Por iso, dada a importancia que ten o deporte para a nosa sociedade no día de hoxe, non podemos permitir que paguen xustos por pecadores e suprimir todas aquelas competicións sobre as que planee a sospeita de dopaxe.

Promover, fomentar, regular, ordenar e impulsar a práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia son competencias da Administración autonómica e un obxectivo prioritario e irrenunciable para a Xunta de Galicia. Por iso é o Goberno galego o que debe de denunciar, perseguir e sancionar estas prácticas para limpar o noso deporte e que as nosas competicións estean libres de toda ameaza de dopaxe. Actuando desta maneira conseguiremos protexer e velar polos intereses e a seguridade de todos os nosos deportistas.

Velaremos por un deporte limpo, por aqueles deportistas que adestran con intensidade, que traballan duramente e que se sacrifican día a día para acadar os seus obxectivos. Creando unha competición limpa sen a posibilidade de trampas ou vantaxes artificiais, os deportistas

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bateranse de igual a igual e as clasificacións medirán tan só o acadado mediante o traballo físico.

E respecto a aqueles deportistas que se dopan e cometen trampas, empregaremos todo o poder que nos confire a Lei para castigalos. Estes atletas utilizan substancias prohibidas e adulteran a competición polo que emitiremos sancións exemplares para que nunca máis volvan a facelo e non poñan en risco nin o deporte de alto nivel nin a súa saúde. Cómpre salientar que estes produtos poden ter numerosos efectos adversos sobre o consumidor e incluso causarlle a morte como xa ten ocorrido nalgunhas ocasións.

A continuación pasamos a relatar algunhas medidas levadas a cabo xa pola Xunta de Galicia neste sentido:

En xuño de 2013, o Servizo galego de Saúde (Sergas) iniciou as accións inspectoras para desenvolver o Plan de Inspección Sanitaria 2014-2017, onde se recolle como prioridade o seguimento de medicamentos susceptibles de tráfico ilícito. Deste xeito, a Consellería de Sanidade comezou un programa de control proactivo na dispensación destas sustancias (os cinco principios activos seleccionados son aqueles sobre os que existe coñecemento de posible uso; estes son: estanozolol, nandrolona, mesterolona, metenolona e testosterona).

Tras estudar o volume de subministro ás oficinas de farmacia galegas dos envases de anabolizantes (63.799 envases e 1.530.602 doses dispensadas en 27 meses) e inspeccionar aquelas oficinas de farmacia que presentaban un balance adquisicións e dispensacións que podía apuntar a un posible desvío e abuso, acreditáronse máis de 3.118 envases destes medicamentos que non tiñan un destino de uso terapéutico, se non uns fins exclusivos de aumento do rendemento ou da masa muscular.

Non se trata dun problema xeralizado en todas os oficinas de farmacia galegas, nin tampouco de Galicia, pero sí un problema que existe na sociedade actual, e foi detectado pola inspección de farmacia, que propuxo dentro do seu exercicio de autoridade sanitaria, que se iniciaran os correspondentes procedementos sancionadores aos establecementos farmacéuticos incumpridores.

O dato máis positivo destas actuacións foi a súa eficacia xa que o subministro das entidades de distribución de medicamentos ás oficinas de farmacia galegas reflicte que se conseguiu unha diminución inmediata de case un 90% no consumo dos anabolizantes androxénicos (pasando de 0,3617 doses por habitantes/día en 2013 a 0,03834 en 2016).

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46581
Data envío: 20/02/2019 15:45:34.655

Ademais, a Consellería de Sanidade, dentro da súa estratexia do uso seguro, eficaz e responsable dos medicamentos en Galicia, seguiu implantando novas medidas, e ditou unha Orde de fiscalización específica para estas sustancias; esta Orde, do 5 de maio de 2014, establece actuacións complementarias á oficina de farmacia para a correcta dispensación destes fármacos e ao tempo pretende concienciar á poboación galega dos riscos deste abuso. Cómpre sinalar tamén que Galicia é a única Comunidade Autónoma de España con esta normativa específica de fiscalización para este grupo de fármacos que ten como fin preservar a saúde dos galegos e galegas (DOG núm. 96, do 21 de maio).

O Consello da Xunta aprobou o pasado mes de xullo o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe tras o aval do Consello Consultivo. O título VIII da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia regula a actuación autonómica en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte e a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, configurándoa como un órgano administrativo, adscrito ao órgano autonómico competente na materia deportiva, ao que se lle atribúen as competencias en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención e control da dopaxe no ámbito da Comunidade Autónoma. A regulación contida no texto do decreto busca dotarse dos mecanismos necesarios para loitar contra a dopaxe no ámbito deportivo, xa sexa mediante a adopción de medidas preventivas como de medidas represivas, coa esperanza de que a dopaxe desapareza da práctica deportiva, axustándose ao réxime imposto pola normativa estatal e internacional de obrigado cumprimento, que se caracteriza polo seu carácter tremendamente cambiante na procura de adoptar medidas que dean resposta a cada unha das situacións e avances que se producen nesta materia.

As funcións que se lle atribúen á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe serán:

- Asesorar á Administración autonómica no eido da medicina deportiva.

- Propoñer programas e actuacións co obxecto de promover e procurar que a actividade deportiva se realice en condicións adecuadas de salubridade e seguridade.

- Promover accións formativas e informativas respecto dos valores da práctica deportiva sobre a saúde.

- Promover e fomentar a investigación e formación no eido da medicina deportiva e, en concreto, no relativo á protección da saúde dos deportistas.

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Propoñer criterios e regras técnicas para que as competicións e probas de modalidades deportivas se configuren de modo inocuo para a saúde e integridade física dos deportistas, e sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria que deben existir nas competicións.

- Propoñer as accións preventivas de educación e información sobre a dopaxe.

A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe nace do traballo coordinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte, a Axencia Española para a protección da Saúde no Deporte (AEPSAD) e a Consellería de Sanidade. A creación desta ferramenta outorgará á Comunidade Autónoma de Galicia os instrumentos necesarios para acabar con calquera situación referida ao consumo de substancias prohibidas no deporte a través dunha adaptación dos criterios da Axencia Mundial Antidopaxe (AMA) e da AEPSAD. Grazas á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, poderanse levar a cabo tamén políticas de prevención e información. A comisión será multidisciplinar e nela estarán representados todos os axentes da saúde e do deporte de Galicia.

Tras esta aprobación, a Xunta de Galicia e a AEPSAD asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento e implementación de políticas de prevención e represión da dopaxe coordinando as actuacións antidopaxe entre os entes autonómico e estatal como pode ser a colaboración no desenvolvemento de controis ou campañas de sensibilización.

Neste momento está pendente o nomeamento de todos os membros da Comisión, unha vez designadas as persoas que actuarán en representación das distintas entidades que integran a Comisión (universidade, colexios profesionais, federacións…). Unha vez realizado este trámite, constituirase a devandita Comisión.

O máis importante é ensinar aos máis pequenos, a eses nenos e nenas que serán deportistas de alto nivel o día de mañá, que usando trampas só se pode perder.

O deporte debe preservar o seu espírito limpo, san, saudable. A dopaxe non é máis que unha máscara que oculta o verdadeiro esforzo do atleta e o seu produto, desnaturalizando todo tipo de actividade física, ademais dos evidentes efectos nocivos que pode ter para a saúde do ou da propia deportista e dos que xa falamos. Gañar a través da dopaxe é a forma máis humillante de gañar.

É misión das institucións competentes e da administración ser xustos devolverlle a ilusión a aqueles deportistas que nalgún momento víronse prexudicados pola dopaxe. Aqueles atletas que deron todo o que tiñan e non acadaron os obxectivos porque outros facían trampas. O

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46581
Data envio: 20/02/2019 15:45:34.655

home e a muller nunca poden perder o desexo de competir en igualdade. Porque xogar é facer deporte, facer deporte é saúde, e a saúde é benestar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46581
Data envio: 20/02/2019 15:45:34.655

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:45:31**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46580
Data envío: 20/02/2019 15:45:26.671
Data 20/02/2019 15:45

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23476** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Secretaría Xeral para o Deporte da situación en Galicia da violencia asociada ao deporte"**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte,** que ten o seguinte contido:

**"**Desde a Xunta de Galicia non podemos estar máis de acordo na condena a calquera tipo de acto violento, unha loita na que a Xunta leva anos traballando. A violencia non é un problema exclusivo do deporte, e moito menos do deporte galego. É responsabilidade de todos poñer as ferramentas e recursos que están da nosa man para erradicar e previr esta lacra.

Desde a Xunta de Galicia cremos que a nosa terra non é flexible coa violencia. De feito, segundo os datos sobre violencia nos espectáculos deportivos recollidos na memoria da Comisión estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte dependente do Consello Superior de Deportes, Galicia está por debaixo (1,54%) da media española (2,40%) de incidentes rexistrados.

Con todo, e por desgraza, persisten comportamentos illados, actitudes que temos que previr e erradicar. O obxectivo é evitar calquera manifestación de violencia na nosa Comunidade. Por iso debemos ser intransixentes e inflexibles, e debemos aplicar todo o peso da nosa lexislación nos casos de violencia, racismo ou discriminación de calquera tipo.

En Galicia contamos co traballo diario, de incontables accións, ás veces pouco recoñecidas, que levan a cabo todos os axentes implicados no deporte para erradicar e previr a violencia. A Lei do deporte pon á nosa disposición medios para loitar contra a violencia e iso é o que estamos facendo.

No caso da violencia no deporte, a lexislación existente conta con tres vías para combatela: a potestade disciplinaria deportiva, a potestade sancionadora en materia administrativo deportiva e a vía xurisdicional penal. En todas elas, o Comité Galego de Xustiza Deportiva, como órgano administrativo superior da xurisdición deportiva en Galicia, ten un papel protagonista. Cómpre lembrar que o Comité, a pesar de estar adscrito á Secretaría Xeral para o Deporte, actúa con

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

total independencia funcional deste.

A primeira delas é a potestade disciplinaria deportiva. Segundo a Lei do deporte, correspóndelle ás federacións deportivas iniciar os expedientes sancionadores das condutas violentas. A Lei do Deporte destaca como infracción moi grave 'os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público'. Son os árbitros, os clubs e as federacións os encargados de sancionar todas aquelas accións que se desvíen da práctica do deporte. Neste punto o Comité Galego de Xustiza Deportiva atende os casos de violencia no deporte nas competicións de ámbito autonómico, provincial e local. Na tempada 2015-2016 chegaron ao Comité Galego de Xustiza Deportiva un total de 6 recursos, confirmándose na gran maioría a sanción aos infractores.

Ademais da potestade disciplinaria deportiva, existe a potestade sancionadora en materia administrativo deportiva, exercida pola Administración autonómica a través do Comité Galego de Xustiza Deportiva sobre calquera persoa física ou xurídica pola comisión das infraccións administrativas tipificadas nesta lei. É dicir, sobre calquera persoa sen necesidade de que pertenza a unha entidade deportiva. E, ademais, de xeito directo pola propia Administración.

Por último, a vía xurisdicional penal, en caso de que os feitos poidan ser constitutivos de delito ou de infracción penal, é a terceira vía coa que contamos para combater a violencia no deporte en Galicia.

Desde a Xunta de Galicia estamos a facer todo o que está nas nosas mans para impedir e erradicar calquera manifestación violenta nos nosos espectáculos, xogos e partidos. Ademais, todas as institucións presentes no tecido deportivo, así como outras encargadas da orde pública e da administración da xustiza, combaten axeitadamente a violencia no deporte galego.

Cómpre destacar tamén o traballo de sensibilización e visibilización, sobre todo entre os máis pequenos, levado a cabo pola Xunta de Galicia nesta materia a través de programas como campañas para o derbi galego, o convenio asinado coa Escola 'Vero Boquete' para a realización de actividades dirixidas ao fomento da igualdade no ámbito deportivo, ou coa actuación Educación, Deporte e Valores, dentro do programa Xogade da Secretaría Xeral para o Deporte que consiste nun préstamo aos centros educativos dun xogo de despregables, cada un destinado a destacar o valor educativo dun deporte, como o respecto, o xogo limpo, a igualdade ou a non violencia.

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46580
Data envío: 20/02/2019 15:45:26.671

Cómpre salientar, ademais de todo este traballo realizado que o pasado mes de maio de 2018, o Consello da Xunta aprobaba o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia. A Comisión dará resposta ás denuncias e incidentes naquelas competicións deportivas oficiais no ámbito autonómico, provincial, zonal ou local. As condutas antideportivas deben ser penadas, xa sexan efectuadas por parte de xogadores, dirixentes, adestradores ou pais e nais.

A creación da Comisión Galega de Control da Violencia vén recollida na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, pero no momento actual a Xunta ten acoutadas as competencias da prevención e represión da violencia no deporte que recaen na Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte do Consello Superior de Deportes, debido á modificación introducida pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A Xunta de Galicia colabora e traballa de xeito conxunto co CSD para mellorar o estado do deporte a nivel autonómico e estatal e ademais, representantes da Xunta participan en encontros de traballo regulares na Delegación do Goberno para garantir a seguridade nos espectáculos deportivos que teñen lugar na nosa Comunidade. A regulación contida no decreto busca dar cobertura e resposta as denuncias e adoptar decisións derivadas de incidentes con ocasión da practica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, toda vez que a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte actúa nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal. Coa regulación da Comisión, e dentro do respecto ás competencias estatais en materia de orde público e de seguridade, contarase cunha ferramenta moi útil na erradicación das condutas antideportivas. Tras esta aprobación por parte do Consello da Xunta, a Comisión foi constituída, polo que Galicia xa conta cun órgano para actuar directamente e non só en vía de revisión de decisións federativas en temas de violencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46580
Data envio: 20/02/2019 15:45:26.671

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:45:23**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46577
Data envio: 20/02/2019 15:44:53.124
Data 20/02/2019 15:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **32362**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, "**as actuacións previstas polo Goberno galego diante das reticencias da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia respecto da inclusión da procedencia na etiquetaxe dos produtos lácteos en venda**", (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

*"*O proxecto de Real decreto relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos foi tramitado polo goberno español. Na súa tramitación solicitou os informes que son preceptivos neste tipo de normas e un deles é o da Comisión Nacional dos mercados e da Competencia (CNMC).

A CNMC aprobou o seu informe con data 3.05.2018, neste informe faise unha valoración do proxecto de norma na que se recollen diversas observacións, tanto xerais como particulares, e remata cunhas conclusións e unhas recomendacións.

A Consellería do Medio Rural sempre manifestou o seu interese polo establecemento dunha regulación que obrigase a identificar a orixe xeográfica do leite e os produtos lácteos, co obxecto de que esta medida serva para que o leite producido en España, e concretamente en Galicia, incremente o seu valor no mercado.

O proxecto foi finalmente aprobado como Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos, publicado no BOE o día 22.09.2018*"*.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46577
Data envio: 20/02/2019 15:44:53.124

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:44:49**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46575
Data envío: 20/02/2019 15:44:37.748
Data 20/02/2019 15:44

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32567** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Davide Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a avaliación da Xunta de Galicia en relación co infor me emitido pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia respecto da proposta de regulación da etiquetaxe do leite"**, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

**"**O proxecto de Real decreto relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos foi tramitado polo Goberno español. Na súa tramitación solicitou os informes que son preceptivos neste tipo de normas e un deles é o da Comisión Nacional dos mercados e da Competencia (CNMC). A CNMC aprobou o seu informe con data 3.05.2018. Neste faise unha valoración do proxecto de norma na que se recollen diversas observacións, tanto xerais como particulares, e remata cunhas conclusións e unhas recomendacións. A Consellería do Medio Rural sempre manifestou o seu interese polo establecemento dunha regulación que obrigase a identificar a orixe xeográfica do leite e os produtos lácteos co obxecto de que esta medida serva para que o leite producido en España, e concretamente en Galicia, incremente o seu valor no mercado. O proxecto foi finalmente aprobado como Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos, publicado no BOE o día 22.09.2018**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:44:33**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46572
Data envio: 20/02/2019 15:44:10.108
Data 20/02/2019 15:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **41418**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández sobre, "**a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo respecto da viabilidade de asumir a atención sanitaria de Povisa, asegurando os postos de traballo e a prestación sanitaria da área**", (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

*Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral nº 38011 que tivo lugar no pleno do 19 de decembro de 2018.*

*Pode consultarse no seguinte enlace:*

*http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-12-19?part=21336c32-45c3-4d2d-a32f-ff08f4515adc&start=8593*.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46432
Data envio: 18/02/2019 14:19:18.002

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/02/2019 14:19:14

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46455
Data envío: 18/02/2019 15:53:06.966
Data 18/02/2019 15:52

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **41571**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García sobre, "**as actuacións previstas polo Goberno galego para minimizar os danos das riadas en Viveiro, así como noutras zonas de risco**", (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballou e colaborou desde o primeiro momento co Concello de Viveiro, investigando as causas do ocorrido, e para paliar os danos causados polas chuvias extraordinarias vividas o pasado 18 de novembro no núcleo de Xunqueira, priorizándose os traballos de limpeza da zona e de asistencia aos afectados. Tamén desde o primeiro momento os técnicos da Xunta traballaron para analizar a posible existencia de factores que puideran agravar os efectos das extraordinarias chuvias caídas ese día.

En zonas afectadas por asolagamentos que están catalogadas de risco potencial significativo de inundacións, como foi o caso, a Xunta aposta por traballar, da man dos concellos e das demais administracións, para facer unha reflexión conxunta e global e poñer os medios necesarios para tratar de evitar que o sucedido en Xunqueira se poida volver repetir.

É necesario, pois, impulsar esta reflexión conxunta para evitar este tipo de sucesos tráxicos, desde o punto de vista da xestión dos ríos, da protección civil e do urbanismo, entre outras materias. Requiríndose unha análise desde unha perspectiva global entre todas as administracións para a adopción de medidas para evitar estas situacións.

Neste sentido vén de aprobarse e de publicarse no Diario Oficial de Galicia, o pasado día 18 de xaneiro, a Instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario, que establece unha serie de directrices técnicas para homoxeneizar e sistematizar a realización de actuacións de conservación fluvial. A dita instrución, sen alcance normativo, é un documento que pretende facilitar que, tanto Augas de Galicia, como os concellos, que

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46455
Data envio: 18/02/2019 15:53:06.966

son responsables da limpeza dos ríos nos treitos urbanos, exerzan do mellor xeito posible as competencias que teñen atribuídas na lexislación estatal e referendadas por sentenzas xudiciais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46455
Data envio: 18/02/2019 15:53:06.966

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/02/2019 15:52:54**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46571
Data envío: 20/02/2019 15:44:02.342
Data 20/02/2019 15:43

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34807** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural, e as previsións de futuro, en relación coa obriga de que conste na etiquetaxe a orixe do leite posto no mercado"**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

**"**O proxecto de Real decreto relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos foi tramitado polo Goberno español. Na súa tramitación solicitou os informes que son preceptivos neste tipo de normas e un deles é o da Comisión Nacional dos mercados e da Competencia (CNMC). A CNMC aprobou o seu informe con data 3.05.2018. Neste faise unha valoración do proxecto de norma na que se recollen diversas observacións, tanto xerais como particulares, e remata cunhas conclusións e unhas recomendacións. A Consellería do Medio Rural sempre manifestou o seu interese polo establecemento dunha regulación que obrigase a identificar a orixe xeográfica do leite e os produtos lácteos co obxecto de que esta medida serva para que o leite producido en España, e concretamente en Galicia, incremente o seu valor no mercado. O proxecto foi finalmente aprobado como Real decreto 1181/2018, do 21 de setembro, relativo á indicación da orixe do leite utilizado como ingrediente no etiquetado do leite e os produtos lácteos, publicado no BOE o día 22.09.2018**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46571
Data envío: 20/02/2019 15:44:02.342

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:43:59

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46568
Data envío: 20/02/2019 15:43:24.577
Data 20/02/2019 15:43

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36757** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Davide Rodríguez Estévez e don Antón Sánchez García, sobre **"a actuación da Consellería de Medio Rural en relación á mortaldade de polos este verán por mor da vaga de calor"**, (publicada no BOPG número 359 do 20 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

**"**A Consellería do Medio Rural cumpre coas súas obrigas normativas de inspección, control e o seguimento obrigatorio das explotacións. Ademais, tal e como recolle o RD 692/2010, realiza anualmente inspeccións non discriminatorias destinadas a comprobar o cumprimento dos requisitos que establece este real decreto. Así mesmo, anualmente presenta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de marzo de cada ano, un informe anual do ano anterior relativo ás inspeccións realizadas, para a súa remisión á Comisión Europea.

O artigo 4 do Real Decreto recolle que o criador é o primeiro responsable do benestar dos polos. Así mesmo, por un lado, no apartado 7 do anexo I recóllense os requisitos aplicables ás explotacións sinalando que, respecto á vixilancia, todos os polos da explotación serán inspeccionados como mínimo dúas veces ao día, ademais dos requisitos que deben cumprir en canto a ventilación e calefacción.

Para o caso das explotacións con densidades de poboación mais elevadas, no anexo II figuran os requisitos sinalando que o titular velará porque cada galiñeiro dunha explotación estea equipado con sistemas de ventilación e, se fora necesario, de calefacción e refrixeración.

O Goberno galego vela porque todas as explotacións cumpran con todos os requisitos contemplados na normativa de benestar animal e o resto de normativa sectorial, de tal xeito que

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se non se cumpre non se resolve favorablemente a solicitude de inicio de actividade. Unha vez iniciada a actividade, o criador está obrigado a comunicar sen demora á autoridade competente calquera cambio efectuado no galiñeiro, no equipamento ou nos procedementos que podan influír no benestar das aves, tendo en conta que existe un programa de control oficial de benestar animal nas explotacións gandeiras e tamén durante o transporte de animais.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural pon a disposición dos gandeiros, anualmente, axudas para a mellora das súas explotacións que inclúen, entre os investimentos elixibles, aqueles destinados especificamente á mellora estrutural e de equipamentos das explotacións. Ente os investimentos elixibles nestas axudas atópanse os sistemas de ventilación das granxas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46568
Data envio: 20/02/2019 15:43:24.577

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/02/2019 15:43:09

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46504
Data envío: 19/02/2019 15:06:47.328

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **34670**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, "**as previsións do Goberno galego para garantir a suficiencia financeira das federacións deportivas galegas no período 2018-2020, así como para publicar os baremos dos convenios que subscribe coas federacións deportivas**", (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 16 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo dos custos reais do exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Galicia nas federacións deportivas galegas, que permita adecuar o financiamento destes custos á súa realidade, valorando na medida do posible establecer marcos plurianuais de financiamento que lles faciliten a confección de orzamentos reais ás federacións deportivas de Galicia.

Neste intre e consonte a PNC presentada no Parlamento de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte en colaboración coa Fundación Deporte Galego, atópase traballando na elaboración deste estudo que permitirá adecuar con maior precisión o financiamento das federacións deportivas á realidade.

Neste aspecto cómpre lembrar os marcos orzamentarios dos últimos anos, destacando a tendencia alcista dos mesmos. Neste 2019, a Secretaría Xeral para o Deporte alcanzará o orzamento máis elevado desde 2010. Un total de 24.259.027 euros (fronte aos 21.946.159 do 2018), dos que 6.517.684 euros corresponden á partida orzamentaria 4.81 (5.867.684 do 2018),

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

partida que recolle, entre outras, as principais dotacións destinadas á actividade das federacións deportivas. Neste ámbito federativo, cómpre salientar que o incremento para este 2019 rondará entre un 8 e un 10%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46504
Data envio: 19/02/2019 15:06:47.328

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2019 15:06:44

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46503
Data envio: 19/02/2019 15:06:39.859
Data 19/02/2019 15:06

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **38149**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Guadalupe Murillo Solís e outras/os deputadas/os do mesmo grupo sobre, "**as competencias e prioridades da Comisión Galega de Control da Violencia e o papel que poden xogar as federacións e clubes deportivos no novo escenario de prevención da violencia no eido do deporte**", (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte do Consejo Superior de Deportes, actúa nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal. Entre as súas funcións elabora informes anuais sobre a violencia no deporte.

Galicia atópase ano tras ano nos postos máis baixos desta lista que ordena as diferentes comunidades autónomas españolas segundo os encontros rexistrados con incidentes.

De feito na última tempada 2017-2018, Galicia amosa unha porcentaxe de encontros con incidentes violentos do 1,87%, baixando en máis de medio punto a media estatal que se atopa no 2,41%. Do total dos 954 encontros controlados en Galicia pola Comisión Estatal na pasada tempada, só en 18 producíronse incidentes violentos.

Con todo, e por desgraza, persisten comportamentos illados, actitudes que temos que previr e erradicar. Por iso a desaparición da violencia no deporte depende dunha acción conxunta na que todos os axentes sociais esteamos presentes. Debemos ser intransixentes e inflexibles, e debemos aplicar todo o peso da nosa lexislación nos casos de violencia, racismo ou discriminación de calquera tipo. Porque o noso obxectivo non é baixar a media do estado, ou ser a comunidade con menor rexistro de incidentes violentos nos encontros deportivos. O noso obxectivo é acadar o cero absoluto en consideracións de violencia, xenofobia, intolerancia ou calquera tipo de manifestación agresiva ou que non respecte aos demais.

Desde a Xunta de Galicia e a Secretaría Xeral para o Deporte debemos potenciar a deportividade primando situacións como o comportamento correcto, fraterno, respectuoso e adecuado; a boa convivencia; e a aceptación do resultado deportivo. As condutas antideportivas deben ser penadas, xa sexan efectuadas por parte de xogadores, dirixentes, adestradores ou pais e nais.

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todos e todas somos responsables de frear a violencia no deporte porque temos a obriga de denunciar todos aqueles comportamentos violentos que poidan representar unha infracción no ámbito deportivo.

E así o facemos mediante as ferramentas das que dispoñemos:

- Antes da creación da Comisión, a Xunta tiña acoutadas as competencias da prevención e represión da violencia no deporte que recaían na devandita Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, debido á modificación introducida pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A Xunta de Galicia colabora e traballa de xeito conxunto co CSD para mellorar o estado do deporte a nivel autonómico e estatal e ademais, representantes da Xunta participan en encontros de traballo regulares na Delegación do Goberno para garantir a seguridade nos espectáculos deportivos que teñen lugar na nosa Comunidade.

- Pero ademais desta colaboración continua co órgano estatal máis importante en materia da loita contra a violencia, a Secretaría Xeral para o Deporte utiliza todos os medios que lle confire a Lei do Deporte para erradicar a violencia. A lexislación existente conta con tres vías para combatela:

1) a potestade disciplinaria deportiva

2) a potestade sancionadora en materia administrativo deportiva

3) e a vía xurisdicional penal.

En todas elas, o Comité Galego de Xustiza Deportiva, como órgano administrativo superior da xurisdición deportiva en Galicia, ten moito que dicir. Cómpre lembrar que o Comité, a pesar de estar adscrito á Secretaría Xeral para o Deporte, actúa con total independencia funcional deste.

1) A primeira delas é a potestade disciplinaria deportiva. Segundo a Lei do deporte, correspóndelle ás federacións deportivas iniciar os expedientes sancionadores das condutas violentas. A Lei do Deporte destaca como infracción moi grave -os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público-. As sancións previstas para este tipo de comportamentos están concretadas nos estatutos ou regulamentos disciplinarios das federacións deportivas, e van desde multas e outras sancións ata a perda de licenza federativa ou a inhabilitación durante 4 anos.

Son os árbitros, os clubs e as federacións os encargados de sancionar todas aquelas accións que se desvíen da práctica do deporte. Este proceso funciona á perfección en Galicia e que todas as partes cumpren o seu cometido para sancionar as condutas violentas e evitar así a súa proliferación.

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46503
Data envío: 19/02/2019 15:06:39.859

2) Ademais da potestade disciplinaria deportiva, existe a potestade sancionadora en materia administrativo deportiva, exercida pola Administración autonómica a través do Comité Galego de Xustiza Deportiva sobre calquera persoa física ou xurídica pola comisión das infraccións administrativas tipificadas nesta lei. É dicir, sobre calquera persoa sen necesidade de que pertenza a unha entidade deportiva. E, ademais, de xeito directo pola propia Administración.

Falamos, por exemplo, de dificultar o acceso en igualdade á actividade deportiva por razóns de sexo, relixión ou raza; ou de mostrar unha actitude pasiva para impedir a violencia. Isto pode derivar en multas de ata 30.000 euros, ou na suspensión da actividade, clausura da instalación ou privación da licenza federativa, entre outros.

3) Por último, a vía xurisdicional penal, en caso de que os feitos poidan ser constitutivos de delito ou de infracción penal, é a terceira vía coa que contamos para combater a violencia no deporte en Galicia.

Pero como dicíamos antes, as opcións da Xunta de Galicia para loitar contra a violencia no deporte non son todas as que quixéramos, debido á modificación introducida pola Lei 13/2015, de 24 de decembro que acoutaba as competencias da Xunta nesta materia.

Por iso, decidimos crear unha Comisión que dea cobertura e resposta as denuncias e adoptará decisións derivadas de incidentes con ocasión da practica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, mentres que a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte continúe actuando nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal.

Unha Comisión que ademais, permitirá que a Xunta de Galicia -a través do Comité Galego de Xustiza Deportiva- non teña que agardar para actuar ante un incidente violento a que se produza unha denuncia, en vía de recurso ou apelación, dentro do exercicio da potestade disciplinaria deportiva, senón que poderá actuar de oficio.

A Comisión Galega de Control da Violencia é un órgano recollido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia. Máis concretamente, o artigo 148 do título IX da devandita Lei establece que a Comisión Galega de Control da Violencia é un órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no ámbito da prevención e represión da violencia, de análise das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia.

Así, tras realizar os pertinentes trámites administrativos previos, a Comisión foi presentada en xullo de 2017 e en maio de 2018, O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia.

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O pasado 25 de setembro levouse a cabo a constitución da Comisión. A nosa prioridade é a de prevención, a de sensibilización, a de educación nos valores do deporte...e no caso de que na defensa deses valores sexa preciso sancionar aos infractores, facelo con firmeza.

Respecto ao papel que poden xogar as federacións e os clubs deportivos neste novo escenario de prevención da violencia no eido deportivo, débese ir un pouco mais alá. Na composición da Comisión buscouse unha implicación e participación o mais ampla posible dos colectivos que, dunha forma directa ou indirecta, poden incidir na erradicación da violencia no ámbito do deporte. Así, na comisión forma parte a Consellería de Educación, as federacións deportivas galegas, árbitros, deportistas, universidades, e Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Que nesta Comisión estean representados tantos sectores do tecido deportivo de Galicia responde á necesidade de que, na erradicación da violencia, temos que seguir traballando, todos xuntos na mesma dirección.

Para cumprir ese obxectivo, a Comisión Galega de Control da Violencia actuará de xeito contundente sancionando aqueles comportamentos intolerables que xa están recollidas na Lei do deporte de Galicia.

Todo o que sexa cuestión de orde pública e de seguridade cidadá será competencia das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. A Secretaría Xeral para o Deporte, a través da Comisión, centrarase nas medidas de prevención impostas tanto ás persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos como ás persoas espectadoras e asistentes: seguridade, obrigas no acceso e permanencia, sistemas de comunicación eficaces co público, prohibición de venda de alcohol, sistema de vendas de entradas.

As infraccións poden ser leves, graves e moi graves. Moi graves serán aquelas que conleven o incumprimento das normas ou instrucións que regulan a realización das competicións, das probas ou dos espectáculos deportivos que impida o seu normal desenvolvemento e produza importantes prexuízos para os que participen neles ou para o público asistente; a alteración, sen cumprir os trámites pertinentes, da capacidade do recinto deportivo; ou a realización de declaracións en medios de comunicación de carácter impreso, audiovisual ou pola internet en virtude das que se ameace ou se incite á violencia ou á agresión aos participantes. Mentres que as infraccións graves serán aquelas que lles ocasionen danos ás persoas ou aos bens, ou cando concorran circunstancias de especial risco, perigo ou participación nel.

As sancións pecuniarias irán de 150 a 3.000 euros no caso de infraccións leves, de 3.000,01 a 60.000 euros no caso de infraccións graves e de 60.000,01 a 650.000 euros no caso de infraccións moi graves.

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46503
Data envio: 19/02/2019 15:06:39.859

As non pecuniarias e accesorias ás anteriores serán a inhabilitación para organizar espectáculos deportivos ata un máximo de dous anos por infraccións moi graves e ata dous meses por infraccións graves; a clausura temporal do recinto deportivo ata un máximo de dous anos por infraccións moi graves e ata dous meses por infraccións graves; desenvolver traballos sociais no ámbito deportivo; prohibición de acceso a calquera recinto deportivo; ou a obriga de crear, publicar e manter pola súa conta, ata un máximo de cinco anos, un medio técnico, material, informático ou tecnolóxico equivalente ao utilizado para cometer a infracción, con contidos que fomenten a convivencia, a tolerancia, o xogo limpo e a integración intercultural no deporte.

De feito, hai que apuntar que a Comisión Galega de Control da Violencia xa funciona e que xa está a investigar sucesos que ten enriba da mesa. A finais do mes de decembro, entrou no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia unha denuncia por presunta infracción do artigo 158.2 da Lei do Deporte de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46503
Data envio: 19/02/2019 15:06:39.859

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2019 15:06:28

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46431
Data envío: 18/02/2019 14:19:09.486
Data 18/02/2019 14:19

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42837** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **"a situación actual da asistencia sanitaria en O Salnés"**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Polo que respecta á atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación.

Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida. A asignación de profesionais por poboación atendida na Comarca, que están englobados en catro Servizos de Atención Primaria, atópase dentro dos ratios poboacionais que corresponden aos Servizos de Atención Primaria doutras comarcas.

O persoal desta área incrementouse nos últimos 10 anos nun 33%, é dicir en 88 prazas novas. Destas prazas 16 foron de persoal facultativo, 54 doutro persoal sanitario e 18 de persoal non sanitario.

Concretamente no pasado ano contratouse 1 facultativo para o servizo de HADO e 1 mais para o servizo de radioloxía.

Pero non só se incrementou o persoal senón que a política de recursos humanos viuse complementada coa Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas (2017-2018).

O Sergas, como ven facendo ata o de agora, dotará de recursos humanos ao Hospital do Salnés segundo as necesidades asistencias o requiran.

O concello de Vilagarcía propuxo o edificio da Autoridade Portuaria de Vilagarcía para o emprazamento dun novo centro de saúde. Desde o Servizo Galego de Saúde, no mes de marzo de 2017, informouse de forma desfavorable porque o edificio proposto polo Concello non se

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46431
Data envio: 18/02/2019 14:19:09.486

podería adaptar ao novo uso, non cubriría as necesidades propias dun centro de saúde, polo que tería que ser demolido, supoñendo un sobrecusto con respecto a calquera actuación nunha parcela libre de edificación. No mesmo escrito informábase ao concello que o Sergas acepta a cesión gratuíta de parcelas sen cargas nin gravames para a construción de centros de saúde. Nestes momentos non temos resposta a este escrito.

En canto ao centro de saúde do Grove, ao longo do 2018, tramitouse coa Tesourería Xeral da Seguridade Social a cesión dunha superficie de 210,64 metros ubicada na Casa do Mar do Grove a fin de destinala a ampliación do centro de saúde.

Esta comarca está ben dotada en termos de persoal para a atención ordinaria e de urxencias, o mesmo que en infraestruturas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46431
Data envio: 18/02/2019 14:19:09.486

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/02/2019 14:19:05

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46430
Data envío: 18/02/2019 14:19:00.533
Data 18/02/2019 14:18

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42842** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **"a situación actual da asistencia sanitaria na comarca Ulla-Umia"**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

**"**A atención sanitaria en primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación. Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida.

Os concellos da Comarca de Ulla-Umia contan cunha ratio poboacional que permite prestar unha atención primaria de calidade, tanto en xornada ordinaria como no PAC

Nestes momentos estase a implantar un contrato de continuidade con garantía de 1 a 3 anos para aqueles profesionais que rematan o seu período de residencia.

Existe tamén unha previsión de contratar persoal de apoio para o servizo de atención primaria unha vez se constrúa o novo centro de saúde de Caldas.

En relación aos trámites a realizar para a construción do novo centro de saúde de Caldas no mes de outubro de 2018 envióuselle escrito ao concello no que se lle informa que a viabilidade da parcela que propón ten algúns inconvenientes que sería necesario resolver entre as administracións. Nestes momentos non recibimos aínda resposta do Concello.

A obra para a construción do novo centro de saúde da Estrada foi adxudicada en xuño de 2018 e ten un prazo de construción de 17 meses co importe 3.966.380 euros xa comprometido. As obras iniciáronse no mes de setembro do 2018.

Esta comarca está ben dotada en termos de persoal para a atención ordinaria e de urxencias, estando previsto que esta zona conte con novas unidades de apoio cando se constrúa o novo

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46430
Data envío: 18/02/2019 14:19:00.533

centro.

Os centros de saúde de Caldas, Cuntis e Portas son de titularidade municipal, estando previsto dentro do convenio coa FEGAMP transferir os dous últimos ao Sergas. Cómpre indicar tamén que cando se necesitan reformas asínanse convenios cos concellos para colaborar na realización das mesmas.

Para a planificación da cobertura da asistencia tense en conta a demanda poboacional segundo os datos de demanda do histórico de atencións. As medias de asignación de TIS/facultativo permiten en determinados casos a intersubstitución entre profesionais segundo a demanda, non obstante, nos casos de ausencias en que se valora a posibilidade de intersubstitución, esta realizase segundo a asignación poboacional aos profesionais, respectando os ratios que permitan manter a calidade da atención**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46430
Data envío: 18/02/2019 14:19:00.533

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/02/2019 14:18:57

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46429
Data envío: 18/02/2019 14:18:51.299
Data 18/02/2019 14:18

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 43108** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **" as medidas a adoptar polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Cariño, Ortigueira e Mañón"**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

**"**O servizo de pediatría nos concellos de Cariño, Ortigueira e Mañón da cobertura a 820 nenos e nenas, número que está por debaixo das recomendacións (en canto ao número de nenos/profesional) tanto da OMS coma das sociedades científicas da especialidade.

A inexistencia de profesionais para a súa contratación fai difícil a súa cobertura. Nas situacións puntuais nas que non é posible esta cobertura tómanse medidas organizativas que garanten a súa asistencia.

Os médicos de familia dos Servizos e Unidades dos concellos sinalados asumen a asistencia aos nenos (a media das cotas de servizos profesionais está arredor de 1000 TIS/facultativo).

No caso de que consideren necesaria a avaliación dun pediatra poden remitir os nenos ou nenas ao servizo de pediatría de Atención Primaria  máis próximo (Cedeira) no que o número medio de nenos/pediatra é de 727**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46429
Data envío: 18/02/2019 14:18:51.299

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/02/2019 14:18:33**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46502
Data envío: 19/02/2019 15:06:23.859
Data 19/02/2019 15:06

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 43480** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega"**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

*"Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á Interpelación nº 43481 que tivo lugar no pleno do 13 de febreiro do 2019 e na que subliñou que a política do Goberno Galego diante da sanidade pública non ten outro obxectivo que defendela, protexela e por suposto mellorala.*

*O enlace no que se pode consultar tal intervención é o seguinte:*

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-13?part=932875c7-2491-4b0e-a11a-2c7c921b76f4&start=2044 .

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46502
Data envio: 19/02/2019 15:06:23.859

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2019 15:06:20**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46501
Data envio: 19/02/2019 15:06:11.234
Data 19/02/2019 15:05

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 44644** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"as razóns da carencia no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense dun servizo de Hemodinámica que funcione as vinte e catro horas do día"**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

*"Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral nº 45316 que tivo lugar no pleno do 13 de febreiro do 2019 e na que indicou que a Consellería de Sanidade traballa de forma inequívoca para garantir a mellor calidade e seguridade asistencial a toda a cidadanía galega en calquera lugar do territorio no que se encontre e que se seguirán realizando análises e seguindo os criterios da Comisión Técnica para avaliar e actualizar o PROGALIAM segundo as novas evidencias dispoñibles.*

*O enlace no que se pode consultar esta intervención é o seguinte:*

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-13?part=932875c7-2491-4b0e-a11a-2c7c921b76f4&start=9236 .

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2019 16:30:00
**Nº Rexistro: 46501**
Data envio: 19/02/2019 15:06:11.234

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2019 15:05:49**

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: Hcuf2ikLy0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/